# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 5º
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 13-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Opinar coherentemente con actitud crítica, tanto dende a perspectiva da participante coma de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas surxidas, participando en debates, y aceptando as opinións dos e das demáis | EFB1.1.3. Amosa boa disposición para solucionar os conflictos de forma razonable. |
| B1.3. Demostrar un comportamento personal e social responsable, respetándose a un mesmo e as demáis personas en actividades físicas e en xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | EFB1.3.1. **Ten interés por** mellorar a competencia motriz. |
| | EFB1.3.2. **Demostra autonomía e confianza** en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. |
| B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz | EFB3.1.1. **Adapta os desprazamentos** a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. |
| | EFB3.1.2. **Adapta a habilidade motriz básica de salto** a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. |
| | EFB3.1.3. **Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.**) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. |
| | EFB3.1.4 **Aplica as habilidades motrices de xiro** a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. |
| B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. | EFB4.1.1. **Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos**, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. |
| B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable hacia un mesmo. | EFB5.1.3. **Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo**, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. |

| | |
|---|---|
| B5.2. Mellora o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as posibilidades e a súa relación coa saúde. | EFB5.2.2. **Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria**, en distintas intensidades de esforzo. |
| B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia. | EFB6.2.2. **Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia**. |
| | EFB6.3.2. **Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas** para a mellora das habilidades motrices. |

| 2.- Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Dado o carácter motriz da nosa área, considerouse a voluntariedade da realización das tarefas. O alumnado tivo acceso a recursos de diferentes características, tendo en conta os diferentes espazos onde poderían realizar as mesmas. |
| | Instrumentos: Os instrumentos de avaliación foron os utilizados durante a 1a e 2a avaliación, por ser as avaliacións referentes desta 3a. |
| **Cualificación final** | 1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuila.<br><br>2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.<br><br>3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.<br><br>4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.<br><br>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinadia, cumprimentando este apartado en Xade. |

| 3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Dende o área de Educación Física realizouse unha recomendación de actividades no symbaloo do centro. Dentro de tódalas actividades propostas podíanse reforzar tódolos contidos traballados durante o 1o e 2o trimestre. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Dado que non houbo información ao respecto de alumnado sen conectividade utilizouse a vía do symbaloo |
| **Materiais e recursos** | Recursos audiovisuais nos que se traballaban diferentes contidos relacionados coa área |

| 4.- Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Abalar móbil, aulavirtual, edixgal e symbaloo<br>Aquelas que non dispoñen de Abalar Móbil, enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do centro. |